

## 14. INFORME REPRODUTIVO

### 14.1. Análise dos índices reprodutivos

Parámetros reprodutivos	2004	2005	2006	2007
<b>Nº INSEMINACIONES POR VACA PREÑADA</b>	<b>2,2</b>	<b>2,2</b>	<b>2,3</b>	<b>2,4</b>
% preñeces á 1ª	47%	46%	44%	43%
% preñeces á 2ª	24%	24%	24%	24%
% preñeces á 3ª ou máis	29%	30%	32%	33%
<b>INTERVALO ENTRE INSEMINACIONES</b>				
<17 días	4%	4%	4%	4%
18 - 24 días	33%	33%	33%	31%
25 - 35 días	13%	13%	13%	14%
36 - 48 días	18%	18%	18%	18%
>49 días	32%	32%	32%	33%
<b>INTERVALO PARTO - 1ª INSEMINACIÓN</b>	<b>87</b>	<b>86</b>	<b>87</b>	<b>88</b>
<45 días	9%	9%	9%	8%
46 - 70 días	32%	33%	32%	32%
71 - 91 días	24%	24%	24%	24%
>91 días	35%	34%	35%	36%
<b>INTERVALO PARTO - INSEMINACIÓN FECUNDANTE</b>	<b>152</b>	<b>153</b>	<b>156</b>	<b>161</b>
<45 días	3%	3%	2%	2%
46 - 80 días	20%	20%	19%	18%
81 - 110 días	19%	18%	18%	18%
>111 días	58%	59%	61%	62%
<b>INTERVALO PARTO - PARTO</b>	<b>432</b>	<b>433</b>	<b>436</b>	<b>440</b>
<325 días	3%	3%	3%	3%
326 - 360 días	19%	19%	18%	17%
361 - 390 días	19%	19%	18%	18%
>391 días	59%	59%	61%	62%

## 14.2. Parámetros reproductivos do ano 2007 por concello e comarca (I)

Concello / Comarca	Nº INS./VACA PREÑADA		INTERVALOS			Leite
	Media	% á 1ª	parto-1ªIA	parto-IA fecundante	parto-parto	
As Nogais	1,8	47	98	121	406	7.469
Baralla	2,1	45	89	155	432	9.100
Becerreá	2,1	46	87	159	437	7.971
<b>OS ANCARES</b>	<b>2,1</b>	<b>45</b>	<b>89</b>	<b>155</b>	<b>432</b>	<b>8.829</b>
Carballedo	2,5	39	90	168	448	8.967
Chantada	2,4	43	92	165	444	9.053
Taboada	2,4	41	89	162	441	8.915
<b>CHANTADA</b>	<b>2,4</b>	<b>42</b>	<b>90</b>	<b>164</b>	<b>443</b>	<b>8.986</b>
A Fonsagrada	2,0	47	84	144	425	7.140
Baleira	2,2	43	92	164	443	8.706
<b>A FONSAGRADA</b>	<b>2,2</b>	<b>44</b>	<b>90</b>	<b>160</b>	<b>440</b>	<b>8.463</b>
Castroverde	2,3	44	91	159	437	8.985
Friol	2,3	45	95	162	442	7.887
Guntín	2,3	44	87	162	440	8.667
Lugo	2,3	43	86	157	436	8.355
O Corgo	2,2	43	91	166	445	8.698
Outeiro de Rei	2,5	36	84	162	441	9.270
Portomarín	2,3	45	96	168	447	9.084
<b>LUGO</b>	<b>2,3</b>	<b>43</b>	<b>90</b>	<b>161</b>	<b>440</b>	<b>8.647</b>
Alfoz	2,7	30	105	196	476	10.019
Foz	2,7	33	85	168	448	9.490
Lourenzá	2,5	39	82	165	445	7.994
Mondoñedo	2,3	41	85	150	431	8.150
O Valadouro	2,4	44	98	183	463	7.296
<b>A MARIÑA CENTRAL</b>	<b>2,5</b>	<b>38</b>	<b>86</b>	<b>164</b>	<b>444</b>	<b>8.380</b>

## 14.2. Parámetros reproductivos do ano 2007 por concello e comarca (II)

Concello / Comarca	Nº INS./VACA PREÑADA		INTERVALOS			Leite
	Media	% á 1ª	parto-1ªIA	parto-IA fecundante	parto-parto	
A Pontenova	2,4	40	80	149	428	9.346
Barreiros	2,8	36	83	170	450	10.023
Ribadeo	2,6	38	83	165	444	9.950
Trabada	2,3	41	82	152	432	9.703
<b>A MARIÑA ORIENTAL</b>	<b>2,6</b>	<b>39</b>	<b>82</b>	<b>161</b>	<b>441</b>	<b>9.903</b>
Meira	2,5	41	76	152	429	8.707
Pol	2,3	43	86	155	435	8.887
Ribeira de Piquín	2,3	32	78	176	455	7.564
Riotorto	2,3	43	77	149	429	9.439
<b>MEIRA</b>	<b>2,3</b>	<b>43</b>	<b>84</b>	<b>154</b>	<b>434</b>	<b>8.924</b>
Láncara	2,1	49	96	160	438	8.923
O Incio	2,1	52	96	159	439	9.665
O Páramo	2,2	44	91	162	441	8.601
Paradela	2,3	45	89	164	444	9.295
Samos	2,2	46	94	163	442	8.451
Sarria	2,2	47	93	164	442	8.940
Triacastela	2,3	37	84	154	436	9.540
<b>SARRIA</b>	<b>2,2</b>	<b>46</b>	<b>92</b>	<b>163</b>	<b>442</b>	<b>8.950</b>
A Pastoriza	2,4	42	83	156	435	9.370
Abadín	2,2	44	92	158	440	8.089
Begonte	2,3	43	85	154	434	10.015
Castro de Rei	2,4	43	86	159	437	9.704
Cospeito	2,5	39	85	163	442	9.017
Guitiriz	2,4	43	89	165	445	8.007
Vilalba	2,4	42	83	160	441	8.244
Xermade	2,4	40	89	163	443	8.409
<b>TERRA CHÁ</b>	<b>2,4</b>	<b>42</b>	<b>86</b>	<b>160</b>	<b>439</b>	<b>8.962</b>

## 14.2. Parámetros reproductivos do ano 2007 por concello e comarca (e III)

Concello / Comarca	Nº INS./VACA PREÑADA		INTERVALOS			Leite
	Media	% á 1ª	parto-1ªIA	parto-IA fecundante	parto-parto	
Bóveda	2,4	40	96	174	452	7.983
Monforte de Lemos	2,3	42	99	171	450	9.299
O Saviñao	1,9	53	94	154	433	9.645
Pobra de Brollón	2,5	42	100	183	462	8.348
Sober	1,8	59	96	145	423	8.260
<b>TERRA DE LEMOS</b>	<b>2,2</b>	<b>47</b>	<b>97</b>	<b>166</b>	<b>445</b>	<b>8.939</b>
Antas de Ulla	2,3	41	87	161	440	8.520
Monterroso	2,5	38	88	162	441	9.078
Palas de Rei	2,4	42	86	165	444	8.761
<b>A ULLOA</b>	<b>2,4</b>	<b>40</b>	<b>87</b>	<b>163</b>	<b>443</b>	<b>8.844</b>
<b>LUGO</b>	<b>2,4</b>	<b>43</b>	<b>88</b>	<b>161</b>	<b>440</b>	<b>8.947</b>
<b>GALICIA</b>	<b>2,3</b>	<b>45</b>	<b>89</b>	<b>163</b>	<b>442</b>	<b>8.991</b>

### 14.3. Taxa de Non Retorno (I)

Este índice reproductivo aporta información sobre a fertilidade do touro, vendo que porcentaxe de vacas que, sendo inseminadas por primeira vez, non volven a ser inseminadas nos 56 días posteriores. Dado que se toma como referencia un alto número de inseminacións, en distintos rabaños, proporciona unha boa referencia sobre a fertilidade do touro.

Neste estudio, as inseminacións corresponden a explotacións en Control Leiteiro da provincia de Lugo, efectuadas durante o ano 2007. A efectos de dar fiabilidade ao índice, so se indica a TNR dos touros con máis de 100 inseminacións.

A fertilidade dun touro mide a habilidade do seu seme para empregar vacas. Pódese determinar por análise laboratorial, pero a validez desta análise é limitada, dende o momento que o espermatozoide que fertiliza o oocito non é representativo da mostra de seme na súa totalidade (xa que é un so espermatozoide entre varios millóns que van na palleta). É polo que a fertilidade débese contrastar, aparte de facelo no laboratorio, con outros índices como pode ser a Taxa de Non Retorno.

De cada touro indícase

- Rexistro do touro
- Nome curto
- Número de primeiras inseminacións incluídas na análise
- Taxa de Non Retorno, porcentaxe de primeiras inseminacións que non repetiron no intervalo posterior de 56 días.
- Porcentaxe de xovencas sobre as que se fixeron as inseminacións (a maior fertilidade das xovencas fronte as vacas pode influir na TNR)
- Inseminacións por rabaño: cantos máis rabaños, maior fiabilidade da TNR.

Rexistro	Nome	Nº IA	TNR	% xovencas	IA/ rab.
FRAM3556861872	RISPOVAL	141	75,9	54,6	1,8
USAM0132245342	BARNES	179	74,9	49,7	3,3
ESPM1502576516	SETEMBRO	174	71,3	16,1	1,7
ESPM9202704559	FEAN	200	69,0	19,5	1,5
ESPM1502647416	POLLUX	181	68,0	14,9	1,5
ESPM1502584324	ALONSO	134	67,2	13,4	1,5
ESPM1502468634	BONABAL	130	66,2	20,8	1,4
FRAM2921632624	ROUKI	121	66,1	33,1	2,9
CANM0009313510	INTRUDER	118	66,1	24,6	2,4
ESPM1502468631	RECAREI	252	65,9	17,1	1,7
ESPM9202704560	KELSTEIN	257	65,8	10,9	1,6
ESPM1502706734	ALBERT	121	65,3	16,5	1,4
ESPM1502534540	SINGLE	230	65,2	20,0	1,7
ESPM1502537494	PERSEUS	285	64,9	11,2	1,6
CANM0007329252	FINAL CUT	816	64,7	41,7	4,7
ESPM1502482745	ONCE	148	64,2	12,2	1,6
ESPM1502419691	BOSCAL	122	63,9	17,2	1,4
ESPM1502537487	TICTAC	205	63,9	15,1	2,0
ESPM9202533264	TRANQUIL	127	63,8	22,8	1,5
CANM0006873798	TRIBUTE	495	63,6	27,3	2,8
ESPM1502574219	DRACO	165	63,0	16,4	1,9

### 14.3. Taxa de Non Retorno (II)

Registro	Nome	Nº IA	TNR	% xovencas	IA/ rab.
ESPM1502537485	RONDEL	162	63,0	15,4	1,6
ESPM1502537493	SIRIUS	172	62,8	12,2	1,7
ESPM1502580982	ALFOZ	182	62,6	14,3	1,7
ESPM1502581771	LLAMPEC	168	62,5	16,1	1,5
ESPM2702705076	XERMADE	120	62,5	9,2	1,3
ESPM1502474690	LAZARO	229	62,4	17,0	1,7
ESPM1502482747	MONTERREI	149	62,4	10,1	1,7
ESPM1502647610	MAXISTRAL	114	62,3	13,2	1,5
ESPM9201989652	PASSAT	103	62,1	29,1	1,9
ESPM1502482751	REDENTOR	194	61,9	18,0	1,6
AUSM0000930377	TALENT	822	61,6	29,0	3,8
FRAM2217051448	ROUMARE	1.328	61,5	53,4	3,4
ESPM2702477619	CHISPO	134	61,2	16,4	1,8
ESPM1502655432	GOTICO	170	61,2	13,5	1,5
USAM0060372887	TOYSTORY	556	61,2	46,2	2,9
ESPM1502537486	TYPER	175	61,1	15,4	1,8
ESPM2702477620	DJALMO	185	61,1	15,7	1,4
ESPM1502468563	ORRI	136	61,0	13,2	1,5
ESPM9201989634	ELEGANT	4.148	61,0	14,8	4,0
CANM0010705608	GOLDWYN	505	61,0	46,7	3,0
USAM0130588960	BUCKEYE	4.122	61,0	51,6	4,4
ESPM1502581776	ROX	187	61,0	10,7	1,5
ESPM1501901041	BALER	166	60,8	17,5	3,0
FRAM2998012650	OKENDO	102	60,8	42,2	2,2
ESPM1502482754	MASIDE	188	60,6	22,3	2,5
ESPM2702472634	MYS	127	60,6	14,2	1,5
ESPM2702533155	TRUENO ROJO	263	60,5	18,6	1,7
ESPM1502647607	SATIRO	111	60,4	17,1	1,3
ESPM1502468632	RIAL	189	60,3	15,9	1,6
ESPM2701382268	MIRA	249	60,2	20,1	1,8
ESPM1502468633	BOER	255	60,0	17,6	1,7
ESPM1502647608	SANDALO	135	60,0	10,4	1,6
FRAM2298044708	ORCIVAL	110	60,0	34,5	3,0
ESPM1501888823	GINEBRE	853	59,8	14,2	2,2
ESPM1502474688	LANCARA	220	59,5	14,1	1,8
CANM0006820564	SEPTEMBER	487	59,3	28,3	3,2
ESPM9201989631	BISBAL	2.358	59,1	18,4	3,1
ESPM1502411358	FITO	146	58,9	14,4	1,5
CANM0006026421	OUTSIDE	187	58,8	13,9	2,1
USAM0131688542	AIRRAID	102	58,8	27,5	3,2

### 14.3. Taxa de Non Retorno (III)

Rexistro	Nome	Nº IA	TNR	% xovencas	IA/ rab.
FRAM5360661767	ROTHENEUF	264	58,7	34,1	2,0
ESPM1502519018	DELIAL	118	58,5	13,6	1,7
ESPM1502523278	SUSO	202	58,4	18,3	1,7
ESPM1502576627	MATEO	202	58,4	9,9	1,6
ESPM2702648346	IAGO	168	58,3	16,7	1,7
USAM0017013604	BLITZ	2.463	58,0	25,4	4,3
ESPM1502474691	LANZAROTE	233	57,9	8,6	1,7
ESPM1501362295	LANDOI	2.474	57,9	13,4	3,0
ESPM1501829420	CHAMOSO	5.045	57,9	15,3	4,1
USAM0002265005	AARON	330	57,9	32,4	1,9
ESPM1502580981	ALLARIZ	199	57,8	20,1	1,7
ESPM9201912174	EMIR	476	57,8	28,2	3,5
ESPM1502482753	BURRES	187	57,8	12,8	1,7
ESPM1502702617	GOLIAT	168	57,7	16,1	1,6
ESPM9201770086	JOKER	196	57,7	7,7	1,1
ESPM1502417273	VALERIO	118	57,6	9,3	1,8
ESPM9202533261	TALENTO ROJO	167	57,5	12,0	1,9
FRAM5694028588	JOCKO BESN	463	57,5	20,1	3,3
ESPM1501467566	ZARZO	625	57,4	13,3	2,2
ESPM1501894168	DELIO	148	57,4	21,6	2,1
ESPM1502482749	MAGOI	173	57,2	13,3	1,6
ESPM2702482662	CURUXO	173	57,2	12,7	1,7
ESPM1502706739	TUTATIS	116	56,9	17,2	1,4
ESPM1502420268	PANCHO	102	56,9	13,7	1,8
ESPM3102720401	LAUTAMIC	192	56,8	8,3	1,9
USAM0060540099	DOLMAN	828	56,6	19,9	4,8
ESPM1502581770	SAMUR	188	56,4	12,2	1,6
ESPM1502523279	BROLLON	119	56,3	12,6	1,8
ESPM9202085649	DARTER	123	56,1	17,1	1,8
ESPM9201648409	CURRO	1.568	56,1	17,7	2,5
CANM0006947936	STORMATIC	134	56,0	19,4	1,7
ESPM1502406916	TINSEL	134	56,0	5,2	1,6
ESPM1502647415	ALTUS	138	55,8	5,1	2,2
ESPM1502706264	GOSPELL	192	55,7	15,1	1,6
CANM0006961162	CHAMPION	304	55,6	31,9	2,1
FRAM5395049359	LOVE	240	55,4	21,3	4,1
ESPM9201973583	NICOL	189	55,0	58,2	2,3
ESPM1502537496	FENIX	251	55,0	9,6	1,6
ESPM9201197315	FONTANS	739	54,7	16,4	1,9
CANM0006663935	LHEROS	1.215	54,7	6,4	2,8

### 14.3. Taxa de Non Retorno (IV)

Registro	Nome	Nº IA	TNR	% xovencas	IA/ rab.
CANM0006830327	INCOME	269	54,6	30,1	3,3
ESPM9201429535	CADOS	130	54,6	14,6	1,5
ESPM9201125507	CUBEIRO	141	54,6	22,7	1,7
ESPM9201770084	AMIGO	132	54,5	20,5	1,9
ESPM1502648718	ANTARES	156	54,5	11,5	1,4
ESPM1502704775	LOMBO	112	54,5	9,8	1,8
CANM0010559198	SPIRTE	403	54,1	27,3	3,7
ESPM2702530479	DUNO	132	53,8	6,1	2,3
DEUM0000810833	JEFFERSON	1.437	53,7	40,0	3,3
ESPM1502468564	OZONO	179	53,6	16,8	1,8
ITAM1099028156	TRESOR	383	53,5	32,1	2,6
CANM0010785322	LOMAX	335	53,4	31,0	2,4
ESPM9201197316	LOURO	627	53,4	9,9	2,3
USAM0060000320	GARRISON	162	53,1	17,9	5,1
USAM0130153294	MARION	405	52,3	25,7	2,6
ESPM2702584042	GOL	121	52,1	9,1	1,6
ESPM9201467574	ICESHOW	185	51,9	17,3	1,6
USAM0017064727	ROY	534	50,9	39,9	4,8
ESPM9202533262	BOEING	128	50,8	15,6	1,5
ITAM3604039709	FORD	111	50,5	15,3	1,9
CANM0007104235	MERCHANT	462	50,0	25,8	2,5
ESPM1502482748	ORDES	196	50,0	17,9	1,8
ESPM1502702616	GOIANS	123	49,6	17,1	1,6
ESPM1502411359	MANAIRONS	121	49,6	12,4	1,3
USAM0131823833	BOLTON	2.602	49,4	21,8	4,2
ESPM1502467933	LAUDEN	114	49,1	13,2	1,9
CANM0006466625	IGNITER	461	47,7	21,5	3,3
USAM0131857397	DECKER	146	47,3	32,9	4,1
ESPM3102609431	COLTER	123	47,2	6,5	2,0
USAM0131671771	CASHMERE	164	47,0	31,1	4,3
ESPM9201429537	LARIÑO	108	46,3	12,0	1,9
FRAM2997001110	NEGUNDO	104	46,2	8,7	4,3
ESPM9201707353	BOTAFOGO	2.967	45,0	18,4	3,0
USAM0207124561	MODEST	107	44,9	15,0	1,6
FRAM5994022699	JESTHER	123	44,7	26,0	2,7
ESPM9201467576	SIX	1.652	43,8	15,0	2,1
ESPM9201683779	DUPLEX	775	42,3	13,2	4,4



#### 14.4. Touros frisóns máis usados durante o ano 2007

Rexistro	Touro	Nº IA
ESPM1501829420	<b>CHAMOSO</b>	12.862
ESPM9201989634	<b>ELEGANT</b>	10.047
USAM0130588960	BUCKEYE	6.876
ESPM9201707353	<b>BOTAFOGO</b>	6.566
ESPM1501362295	<b>LANDOI</b>	6.265
ESPM9201989631	<b>BISBAL</b>	5.914
USAM0131823833	BOLTON	4.777
USAM0017013604	BLITZ	4.601
ESPM9201648409	<b>CURRO</b>	3.952
ESPM9201467576	<b>SIX</b>	3.645
CANM0006663935	LHEROS	2.572
DEUM0000810833	JEFFERSON	2.490
FRAM2217051448	ROUMARE	2.187
ESPM1501888823	<b>GINEBRE</b>	2.060
USAM0060540099	DOLMAN	1.711
ESPM9201197315	<b>FONTANS</b>	1.662
ESPM9201197316	<b>LOURO</b>	1.645
ESPM9201683779	DUPLEX	1.576
AUSM0000930377	TALENT	1.549
ESPM1501467566	<b>ZARZO</b>	1.536
CANM0007329252	FINAL CUT	1.494
CANM0006873798	TRIBUTE	1.381
USAM0017064727	ROY	1.098
CANM0006466625	IGNITER	1.018
ESPM9201912174	EMIR	1.005



**CHAMOSO**



**ELEGANT**



**BUCKEYE**

## 14.5. Necesidades de recría en Galicia

O potencial que supón para unha gandería o excedente de recría, baséase nos ingresos da venda de xatas e no aforro en gasto sanitario, ao ser este menor cando a reposición non depende da compra de animais.

Para que haxa excedentes de recría que comercializar, débense minimizar as necesidades de reposición, revisando cales son os puntos flebes, polos que temos que desbotar os animais do rabaño.

As condicións actuais na gandería de vacún de leite fan que exista un deficit a nivel de Galicia estimado en 12.500 animais por ano, segundo datos da Consellería do Medio Rural, estimación á baixa, xa que as necesidades reais son moi superiores. Isto supón **un mercado por valor de 27 millóns de euros**, sen dúbida unha oportunidade de negocio que se debe plantexar nas ganderías de vacún de leite de Galicia. Esta mesma estimación calcula que as necesidades de reposición para a cabana gandeira de leite en Galicia sitúanse ao redor dos 79.000 animais, dos que so se cubre o 84%.

No ano 2007 incorporáronse 7.800 animais a ganderías en Control Leiteiro da provincia de Lugo.

Déstos, 3.403 procedían de fora de Galicia

O 47,4 % do estranxeiro

O 25,6 % de Cantabria


É salientable o caso de Cantabria, unha provincia con tan so 112.580 vacas de leite censadas, fronte ás 420.764 coas que conta Galicia (MAPA 2005), que é capaz de subministrar o 11% das necesidades totais de recría da provincia de Lugo.

Para que unha gandería esté en disposición de xerar máis animais que os que precisan para manter o tamaño do rabaño, debe ter en conta algúns dos factores que se comentan a continuación.

### Programar a recría:

Levar un programa de apareamentos que optimice a mellora xenética que se pretende desenvolver

Realizar as cubricións con independencia do prezo do leite ou do prezo dos xatos. Todas as vacas aptas para a reprodución por concicións sanitarias e cun valor xenético axeitado deben ser usadas para criar, sendo inseminadas con touros frisóns.



Na gráfica amósase a porcentaxe de utilización de touros de carne sobre vacas frisóns. Obsérvase unha diminución de ata un 4,2% no 2007, debido ao incremento do prezo do leite. Na actualidade, unha de cada catro inseminacións sobre vacas frisóns realízase con touros de carne.

**Sanidade**

É o pilar fundamental para ser autosuficientes nas necesidades de reposición. Enfermidades como a paratuberculose ou neospora, impiden utilizar a determinadas vacas como reprodutoras, limitando as posibilidades.

A pertenza a unha ADS é imprescindible para monitorizar a sanidade dos rabaños.

**Minimizar as baixas de crías no parto**

Levar un programa de apareamentos que minimize o risco de partos distócicos, utilizando touros de fácil parto.

O efecto do touro na dificultade de parto é menor do que a xente pensa, sendo máis relevantes outros factores, como a elevada condición corporal (engrasamento) das xovencas ao parto.

Vixiar os partos é unha práctica indispensable para minimizar as perdas das crías ao nacer. Un retraso no proceso normal do parto é un sinal para proceder a unha palpación vaxinal destes animais que descarte problemas maiores. Unha vaca pode tardar en parir uns 30 a 45 minutos dende que rompe a bolsa das augas, namentras que unha primeriza pode tardar ata un par de horas.

Un dos principais problemas é o contrario, fórzase o parto antes de que a vaca esté totalmente dilatada, poñendo en perigo a vilabilidade da cría e predispoñendo a vaca a infeccións uterinas.

Un correcto manexo e control da alimentación das vacas no preparto, minimizará os problemas no parto e dará crías máis sanas e viables.

**Correcto manexo das crías ao nacer:**

- Dándolles os costros nas primeiras horas de vida
- Realizando os partos en salas de parto individuais, limpas e desinfectadas
- Illando as crías en boxes individuais tras o nacemento

**Partos femia**

Non se cumpre o ratio 50/50 para machos e femias, sendo inferior o número de femias nadas, ata un 6,4% menos, sendo outro dato a ter en conta á hora de programar as necesidades de recría. No 2007 a porcentaxe de femias foi dun 46,8% fronte ao 53,2% de machos.

O seme sexado pode ser unha alternativa para incrementar a porcentaxe de femias, se ben débese ter en conta o seu elevado custo e a menor fertilidade que o seme convencional.

**Diminuir a mortalidade durante a recría**

- Implantar un programa vacinal nas nais fronte a diarreas neonatais
- Correcto aloxamento dos animais, en sitios secos, con boa ventilación
- Extremar a hixiene nas fases iniciais de recría
- Subministro axeitado do leite (temperatura, cantidade, horario,...)

**Idades ao parto en primerizas aos 24 meses**

Na actualidade a media de idade ao parto está nos 27,5 meses, o que diminúe o potencial de recría fronte ao ideal: 24 meses.

Para acadar este obxectivo débese levar un axeitado programa de alimentación e manexo que permita acadar alzadas e pesos idóneos no momento da cubrición. Unha correcta detección de celos é fundamental para evitar retrasos na preñez dos animais.

**Minimizar a eliminación de animais**

Diminuir a porcentaxe de baixas por mamite, fallos reproductivos, enfermidades, baixa produción, coxeiras, faran que a recría se use para a venda e non para a reposición.




Porcentaxe de vacas desbotadas antes de facer o seu 2º parto



Porcentaxe de vacas desbotadas respecto do total de vacas paridas nese mesmo ano

**Mellor a reprodución**


A traveso do control sanitario (control de enfermidades como IBR ou BVD), mellorar a detección de celos, minimizar as perdas de peso dos animais tras o parto, etc, faran que diminúa o intervalo entre partos, e incremente o número efectivo de femias nadas por ano.



Porcentaxe de vacas desbotadas antes de facer o seu 2º parto

#### Diminuir a taxa de reposición

Incrementar a lonxevidade dos animais, o que dará lugar a ter máis reproductoras disponibles e diminuír os custos de amortización da recría.



Porcentaxe de vacas desbotadas antes de facer o seu 2º parto

A man de obra, a escasez de forraxe ou a falta de instalacións axeitadas son limitantes en moitas ocasións para xerar excedentes de recría para a súa comercialización.

Unha opción a plantexar é a externalización da recría, facendo esta en Centros de Recría. A principal vantaxe dos Centros de Recría é a optimización do proceso de crecemento, acorde coas necesidades do animal, ao poder facer lotes en función das necesidades e dos ritmos de crecemento. En termos xerais resulta nun abaratamento dos custos de recría fronte á realizada na propia explotación, pola economía de escala que supón o tratar con grande cantidade de animais.

Nun estudo recente realizado en ganderías en Control leiteiro na provincia de Lugo, o 30% das ganderías que foron enquisadas, respostaron que estarían dispostas a levar os seus animais a un Centro de Recría.

Na enquisa estimouse un custo aproximado de 2€ por animal e día, mais gastos de transporte e inseminación.

Esto supón un potencial de 8.800 animais por ano, tan so na provincia de Lugo.

